

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE ACHEGA O SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN ATA O PARLAMENTO DE GALICIA

- As trece campañas de ADOS desenvolvidas na cámara lexislativa galega acadaron 342 doazóns de sangue

Santiago de Compostela, martes 22 de maio de 2018.- A directora da Axencia de Doazón de Órganos (ADOS) e Sangue, Marisa López García, e o presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices Vieira, saudaron aos doadores e doadoras que esta mañá acudiron ata a unidade móbil da Axencia, que se desprazou ata a cámara lexislativa galega.

Unha unidade móbil de doazón de sangue visita polo menos dúas veces ao ano o Parlamento de Galicia, dentro da campaña de recollida de doazóns de sangue que efectúa a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue en empresas e organismos públicos e que representa o 9% de todas as doazóns recollidas anualmente en Galicia. Ademais, dende o ano 2001, as unidades móbiles de ADOS visitaron en trece ocasións o Parlamento de Galicia, acadando un total de 342 doazóns de sangue, no transcurso destas visitas.

Agradecemento

Tanto a directora de ADOS coma o presidente do Parlamento tiveron verbas de agradecemento para os cidadáns que doan sangue habitualmente pero, en especial nesta oportunidade, a todos os deputados e deputadas e aos profesionais que desenvolven o seu traballo na cámara lexislativa galega.

Neste sentido, lembrar que na última campaña de doazón desenvolvida no Parlamento de Galicia, no mes de decembro do pasado ano, doaron sangue 23 persoas, aínda que tanto Marisa López como Miguel Santalices manifestaron a súa confianza en mellorar este resultado na presente visita.

ADOS desexa agradecer ao Parlamento de Galicia a súa contribución á consecución dun axeitado número de doazóns de sangue, recoñecemento que fai extensivo a todos os cidadáns galegos que, nalgún momento das súas vidas, teñen doado sangue para posibilitar o desenvolvemento do intenso labor asistencial dos nosos hospitais.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE